

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO PARA XESTIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUCTURA DE SANEAMENTO E A MELLORA DA MOBILIDADE E DA XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACHADA MARITIMA

José Antonio Álvarez Vidal, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeado por Decreto 101/2023, do 29 de xuño (D.O.G. do 30 de xuño), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

Doutra parte, Julián Bustelo Abuín, alcalde do concello de Rianxo, con domicilio aos efectos deste convenio en Praza Castelao 1. Rianxo ;15920 Rianxo (A Coruña), facultado para este acto en virtude das competencias que lle reconece o artigo 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes, na calidade na que cada unha intervén, reconécese mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 8 e 9 da súa Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Pola configuración xeográfica dos nosos portos chegan a mesturarse os usos portuarios e os servizos prestados aos nosos usuarios profesionais cos servizos que se prestan á cidadanía en xeral e moitas das redes de servizos e as instalacións a eles dedicadas dan resposta a ambas necesidades. Son exemplos claros as redes de saneamento (tanto de pluviais como de fecais) ou abastecemento, así como os viarios e explanadas de usos compartidos e urbanizados cuns estándares adecuados aos usos cidadáns.

Por todo isto é básico dispoñer de información suficiente do discurrir das canalizacións que conforman estas redes así como da configuración dos seus elementos e instalación asociadas e dispoñer de ferramentas de mantemento e control que permitan una xestión eficiente das mesmas. Así mesmo requírese que a asignación de medios e funcións sobre os espazos se regulen dun modo claro e concreto que permitan a eficiencia no mantemento e a garantía de seguridade no seu desfrute.

En atención a estas razóns Portos de Galicia e o Concello de Rianxo asinaron unha serie de convenio s para a realización de distintas obras e actuacións de saneamento no porto de Rianxo, para servizo do Concello e do porto. Concretamente os convenios asinados foron os seguintes:





1. Portos de Galicia e o Concello de Rianxo asinaron o 15/03/2007, un convenio de colaboración para execución e mantemento das obras de instalación de dúas unidades de colectores soterrados no porto de Rianxo, con vixencia indefinida.
2. Portos de Galicia e o Concello de Rianxo asinaron o 04/04/2007, un convenio de colaboración para execución e mantemento da obra de recollida de evacuación de augas pluviais no porto de Rianxo, con vixencia indefinida.
3. Portos de Galicia e o Concello de Rianxo asinaron o 02/09/2010, un convenio de colaboración para execución e mantemento da rede de saneamento, pluviais e mellora na rede existente no porto de Rianxo, co obxecto de autorizar a execución das obras que percorrían pola zona de servizo do porto. Este concretamente pretendía dotar de saneamento o núcleo do Burés, e mellora de saneamento mediante execución do separativo das augas pluviais da zona da estrada de Tanxil e instalar varios bombeos da rede de saneamento municipal con avisadores telefónicos automáticos o soborde da rede por fallo no sistema, afectando unicamente a un pequeno tramo do porto.
Este convenio tiña un prazo de vixencia ata o 31/07/2012 (finalización das obras, para a execución das obras e ilimitado para o mantemento.
Estas actuacións definíanse no proxecto asinado en abril de 2010 polo enxeñeiro técnico industrial Juan Mariño Dieste.
4. Portos de Galicia e o Concello de Rianxo asinaron unha addenda a este convenio o 07/03/2011, esta addenda contemplaba a construción dunha arqueta de rexistro e instalación de clapeta en Punta Funcheira, no dominio público portuario de Rianxo, segundo o proxecto redactado por Juan Jose Andres Iglesias en outubro de 2010.
A addenda non varia o prazo do convenio. Non obstante, o convenio e a súa addenda non foi adaptado a lei de 39/2015 de procedemento administrativo común.
5. Portos de Galicia, Augas de Galicia e o Concello Rianxo asinaron un convenio o 11/07/2018, para execución de obras de Colector interceptor e tanque de tormentas en Rianxo e Ampliación da EDAR de Rianxo, cun prazo de vixencia de ata o 30/06/2021 que se corresponde co da execución das obras.
As ditas obras correspóndense cos expediente OH.315.11107 e OH.315.1106 de Augas de Galicia.
Neste convenio o Concello de Rianxo asumía a explotación, conservación, mantemento e limpeza das obra realizada. Para elo comprometíase a solicitar a Portos de Galicia con carácter previo á finalización das obras a formalización do título administrativo que corresponda para regular a fase de explotación das obras existentes e construídas.
As ditas obras foron rematadas e entregadas por Augas de Galicia ó concello o 09/12/2022.
6. O 01/04/2025, con número de entrada 2025/93471 o Concello de Rianxo solicita a formalización do dito título administrativo para asumir o seu compromiso de xestión das infraestruturas indicadas no punto anterior.
7. Por outra banda o Concello de Rianxo solicita o 28/08/2025 autorización para trasladar unha parada de autobuses, nas proximidades da dársena setetefogas para mellorar a seguridade viaria.

Os convenios con vixencia indefinida non foron adaptados conforme dispoñía a Disposición Adicional oitava da Lei 40/2015, do 15 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que procede a formalización dun novo convenio regulador de uso e explotación destas infraestruturas no porto de Rianxo.





Para a explotación e mantemento das infraestruturas de referencia cómpre actuar sobre terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre que foron transferidos á comunidade autónoma e se atopan polo tanto dentro da zona de servizo do Porto de Rianxo, de competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

Compre fixar o marco de colaboración entre as Portos de Galicia e o Concello de Rianxo, en aras a reflectir con claridade nun único acordo as obrigas e compromisos de cada unha delas, reforzando esta colaboración interadministrativa, ao respecto nas materias indicadas, saneamento, mobilidade e recollida de residuos do tecido urbano alleo ó porto.

Polo exposto, e co animo de actualizar estes acordos e refundilos nun único acordo, dado o interese coincidente das partes na explotación e mantemento destas infraestruturas así como a mellora da ordenación e da seguridade viaria e do servizo de recollida de RSU da fachada marítima, acordan regular as súas relacións no que atinxe a posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora das infraestruturas que discorre polo Porto de Rianxo, que figura no anexo, e formalizan este convenio, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o concello Rianxo para:

- Regular a xestión, conservación, mantemento das infraestruturas de saneamento localizadas na zona de servizo do porto, mellora da mobilidade e da xestión de residuos da fachada marítima .

As infraestruturas de saneamento reflectidas no paragrafo anterior son as executadas mediante o convenio de colaboración asinado o 11/07/2018, para execución de obras de Colector interceptor e tanque de tormentas en Rianxo e Ampliación da EDAR de Rianxo.

- Regular a mellora da recollida dos RSU da fachada marítima lindeira ó porto e a mellora da mobilidade viaria desta fronte.

- Regular a conservación e mantemento integral das zonas de integración porto- cidade segundo se recollen nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

A. OBRIGAS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Primeiro.- Para o cumprimento do obxecto deste convenio, a entidade pública empresarial Portos de Galicia obrígase a:

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdegalicia.gal





- 1) Autorizar ao Concello de Rianxo para a explotación e mantemento das infraestruturas de saneamento e colectores, que afectan e se localizan no porto. Esta infraestruturas inclúen a EDAR, o tanque de tormentas e os colectores localizados ó longo do porto. As infraestruturas reflíctense nos planos 1 do anexo I.
- 2) Autorizar ó Concello de Rianxo a implantar, xestionar e conservar unha parada de autobuses no entorno da dársena de Setefogas, para mellorada da mobilidade e seguridade viaria. A parada de autobuses localízase no plano 2 do anexo I.
- 3) Autorizar ó concello a realizar a conservación e mantemento integral de todos os elementos das zonas portuarias de interacción porto cidade que inclúe o viario, explanadas, zonas axardinadas e de espallamento integradas na trama urbana. Tamén se autoriza nesta zona a xestión, conservación e melloras dos colectores de lixo instalados para servizo da fronte urbana lindeira ó porto mediante o convenio de colaboración asinado o 15/03/2007, así como todos aqueles que se instalen nun futuro para a correcta xestión dos ditos residuos sólidos urbanos xerados pola dita fachada, alleos o porto. O ámbito é o reflectido no plano 3 do anexo I.

Segundo.- Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio supoñen alteración da titularidade o cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados nin da súa xestión e explotación, vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

B. OBRIGAS DO CONCELLO DE RIANXO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Rianxo obrígase a:

- a) Mellora da ordenación e seguridade viaria e da recollida e residuos sólidos urbanos da fachada marítima lindeira co porto:
 - a.1) Executar as obras de instalacións de parada de autobuses no entorno da dársena de Setefogas, eliminando a parada existente na fachada marítima.
Previamente a execución desta actuación o Concello deberá presentar en Portos de Galicia, a lo menos una memoria valorada, que describa as actuacións proxectadas, en memoria, plano e orzamento.
O Concello de Rianxo comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exención reguladora algunha contra Portos de Galicia, Administración Autonómica.
 - a.2) Realizar a xestión, conservación e mantemento integral e mellora a súa exclusiva costa de todos os elementos das zonas portuarias, de interacción porto cidade na zonas reflectidas no plano 3 do anexo I, que inclúe as seguintes actuacións:
 - A parada de autobuses indicada no punto anterior a).1
 - Elementos de urbanización e mobiliario urbano sito no ámbito de actuación do convenio: varandas, bancos, luminarias, papeleiras, pivotes, esculturas, etc
 - Pavimentos e explanadas, e os seus complementos: arquetas, sumidoiros, etc
 - Xardinería, arborado, plantas, e outros elementos vexetais
 - Contedores de lixo de uso non portuario que se localicen na fachada urbana e dean servizo o tecido urbano lindeiro ó porto, en concreto os instalados en base





o convenio de colaboración asinado o 15/03/2007, e todos aqueles outros localizados neste ámbito.

- Retirada dos refugallos depositados nos contedores de lixo indicados no punto anterior.
- a.3) Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da zona de servizo do porto indicada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.
- a.4) En ningún caso o Concello de Rianxo aplicará a Portos de Galicia tributo algún polos servizos de contedores de lixo, e recollida de refugallos, propios da ocupación e usos dos contenedores de lixo.

b) Infraestruturas de saneamento:

b.1) Asumir o seu exclusivo coste, da xestión, conservación, mantemento e limpeza e mellora de toda a infraestrutura de saneamento descrita no presente convenio e concretamente no inventario do anexo, no tramo localizado nos terreos de dominio público portuario, correspondéndolle o mantemento da rede de saneamento executada en base o convenio asinado o 11/07/2018 e aquela existente previamente.

b.2) Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.

b.3) Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das infraestruturas e equipamentos incluídos no presente convenio.

b.4) Cumprir coas seguintes condicións xerais de xestión da rede de saneamento dentro do Porto de Rianxo:

1. **INVENTARIO:** O Concello incorpora como Anexo II deste convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:

a) Un listado/inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

2. **ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS:** O Concello incorporará como Anexo III as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos amparados nas infraestruturas obxecto deste convenio. Adicionalmente indicarse se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.





O Concello de Rianxo manifesta que na actualidade non ten aprobadas ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos amparados nas infraestruturas obxecto do borrador do convenio. So ten aprobadas Ordenanza fiscal num. 8 reguladora da taxa de saneamento de augas residuais Publicación definitiva BOP Núm. 292 de 22/12/1998.

O Concello manifesta que a actual empresa concesionaria do Servizo de saneamento e abastecemento da auga e Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.

3. **ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN:** Tanto o Anexo II coma o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.

4. **MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO:** O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade e/ou xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas . Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuacións, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo II. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

5. **PERMISOS:** O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo amparados nas obras obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. **TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE**

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de





titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.

7. EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia.

Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debera achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá agrupar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuacións executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS: Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servizos ou os propios servizos, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días naturais, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS: Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concernente á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

Condicións particulares:





REDE DE SANEAMENTO:

S1. PARÁMETROS DE ENTRADA: O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. PARÁMETROS DE VERQUIDO E PUNTO DE VERQUIDO: O Concello garantirá que os caudais verquidos ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verquidos. Os puntos de verquido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. ATENCIÓN A VERQUIDOS: O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera verquido que se produza con orixe a súa rede.

INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES

E1. SEGURIDADE INDUSTRIAL: O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. INSPECCIÓNS PERIÓDICAS: O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servizo deste convenio.

E3. ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO: O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas, cubertas e demais elementos visibles das instalacións e edificacións que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

A superficie e edificacións incluídas no convenio deberá catastrarse como bens de dominio público marítimo terrestre de aproveitamento público e gratuíto, os cales en base ó disposto no artigo 61.5.a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non estarían suxeitas ao pago do Imposto de Bens Inmóbles, asumindo o Concello o abono, no seu caso das liquidacións do Imposto de Bens Inmóbles que se poderán liquidar en ausencia de dita catalogación.

O Concello de Rianxo asume as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.

TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.





- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia recae na Xefa de Zona Centro e na Xefa da Area de Explotación e Planificación.

CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada una delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscripción do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

QUINTA.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalación para o fin a que estean destinadas, será responsabilidade do Concello de Rianxo responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.

2.- A responsabilidade aquí establecida se establece nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, e a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial, corresponderalle a Portos de Galicia.

SEXTA.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.





Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2026 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que contén no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Rianxo e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.





-Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

Remataranse as accións e expedientes administrativos e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuación que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

OITAVA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta Lei 6/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

Tales compromisos e obrigas teñen carácter executivo e esixible por efecto directo do propio convenio, por canto as partes consideran que as obrigacións establecidas neste, concretan obrigacións de conservación, mantemento e de execución de obras concretas e determinadas sobre obras, redes e instalacións que se indican no propio convenio e por tanto, integran compromisos inmediatamente executivos e obrigatorios para as partes.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos acordos en catro anos, agás que normativamente prevéxase un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste acordo, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de acordo de ocupación de dominio portuario autonómico, durante o tempo que sexa preciso. Neste caso dado o obxecto e finalidade do acordo e por tratarse de uso de zona portuaria por un órgano da Administración Local a duración do acordo será de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo. O acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes.





En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obteña a utilidade das inversións de acondicionamento da zona portuaria afectada, unha vez transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir do convenio deixándoo sen efecto, cun preaviso de catro meses de antelación.

En calquera caso, e considerando que os convenios e os títulos de ocupación non poden ter vixencia indefinida conforme á lexislación aplicable, consideramos que as prórrogas non deben exceder en ningún caso do prazo máximo de 50 anos previsto para as concesións demaniais para a ocupación do dominio público portuario.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula oitava.

Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

En todo caso, dado que parcialmente o zona portuaria que se inclúe no presente convenio de colaboración foi declarado innecesario polo Consello Reitor de Portos de Galicia en data 26/06/2025, como paso previo a súa reversión ó Estado a cal se atopa en tramitación, a resolución do dito expediente podería supor causa xustificada de modificación do presente convenio.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento.

O PRESIDENTE DO
ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE RIANXO

José Antonio Álvarez Vidal

Julián Bustelo Abuín







ANEXO I. Plano no que se reflicte o dominio público portuario que se ve afectado polo mantemento e explotación das obras

ANEXO II. Inventario

ANEXO III. Ordenanzas reguladoras





----- ZONA DE SERVICIO DO PORTO

----- LIÑA DE DESLINDE DPTM

----- AMBITO DO CONVENIO
SUP. TOTAL 20.356 m²

ESTACION DEPURADORA
SUP. TOTAL 4.585 m²

TANQUE DE TORMENTAS
SUP. TOTAL 1.436 m²

RED DE COLECTORES
SUP. TOTAL 3.109 m²



PORTO:

RIANXO
RIANXO - A CORUÑA

REFERENCIA:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO
PARA XESTIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURA DE SANEAMENTO
E A MELLORA DA MOBILIDADE E DA XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACHADA MARITIMA**

TÍTULO DO PLANO:

INSTALACIONES DE SANEAMIENTO

CLAVE PORTO:

12-55

ESCALAS:

1/500

DATA:

NOVIEMBRE 2025







Nº PORTO:

56

Nº PLANO:

PLANO 01

FOLLA: 01 DE: 03



PORTO:

RIANXO
RIANXO - A CORUÑA

RIANXO - A CORUÑA

REFERENCIA:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO
PARA XESTIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURA DE SANEAMENTO
E A MELLORA DA MOBILIDADE E DA XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACHADA MARITIMA**

TÍTULO DO PLANO:

INSTALACIONES DE SANEAMIENTO

CLAVE PORTO:	
--------------	--

12-55

ESCALAS:

1/500

DATA:

NOVIEMBRE 2025





N° PORTO:

56


N° PLANO: PLA

PLANO 01

FOLLA: 02 DE: 03



-  ZONA DE SERVIZO DO PORTO
-  LIÑA DE DESLINDE DPTM
-  AMBITO DO CONVENIO

-  ESTACION DEPURADORA
SUP. TOTAL 4.585 m²
-  TANQUE DE TORMENTAS
SUP. TOTAL 1.436 m²
-  RED DE COLECTORES
SUP. TOTAL 3.109 m²





PORTO:
RIANXO
RIANXO - A CORUÑA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO
PARA XESTIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURA DE SANEAMENTO
E A MELLORA DA MOBILIDADE E DA XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACHADA MARITIMA

TÍTULO DO PLANO:
INSTALACIONES DE SANEAMIENTO

REFERENCIA:	CLAVE PORTO:	ESCALAS:	DATA:	Nº PORTO:	Nº PLANO:
	12-55	1/500	NOVIEMBRE 2025	56	PLANO 01
					FOLLA: 03 DE: 03



..... ZONA DE SERVIZO DO PORTO

—— LIÑA DE DESLINDE DPTM

..... AMBITO DO CONVENIO
SUP. TOTAL 20.356 m²

■ PARADA DE AUTOBUS
SUP. TOTAL 968 m²



PORTO:

RIANXO
RIANXO - A CORUÑA

REFERENCIA:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO
PARA XESTIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURA DE SANEAMENTO
E A MELLORA DA MOBILIDADE E DA XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACHADA MARITIMA**

TÍTULO DO PLANO:

MOBILIDAD Y SEGURIDAD VIAIRA

CLAVE PORTO:

12-55

ESCALAS:

1/500

DATA:

NOVIEMBRE 2025

N° PORTO:

56

N° PLANO:

PLANO 02

FOLLA: 01 DE: 01

